

OS CONTOS VAN A BELÉN

NARRADOR.- Personaxes dos contos, despertade do sono. Un neno naceu en Belén, un neno que trae ao mundo moito amor e paz. Correde todos xuntos, moi unidos e cando chegedes ao portal cantade e ride, festexade o seu nacemento.

HERMANASTRAS CINCENTA.- Somos as irmáns de cincenta, xa non nos levamos mal. Querémonos moito porque chega o Nadal.

NARRADOR.- ¡Mirade quen amosa por aí!

MADRASTRA DE BRANCANEVES.- Espello, espelliño: ¿quen é a máis bela do lugar?

ESPELLO.- Brancaneves é a máis fermosa.

MADRASTRA.- Brancaneves, ¿imos xuntas ao Portal e prestarasme o teu vestido rosa?

BRANCANEVES.- Dame a man, sexamos amigas. ¡Aí veñen os ananos!

ANANO 1.- ¿Qué lle levaremos ao neno?

ANANO 2.- Eu lévolle o meu cariño.

ANANO 3.- Eu lévolle unha mantiña.

ANANO 4.- É pequeno e toma leite, será mellor levarlle un biberón.

ANANO 5.- E si chora, un chupete voulle levar, así se calmará.

ANANO 6.- Eu lévolle pañales, alí non ha de haber.

ANANO 7.- ¡Axiña, imos xa!, que aínda nos queda por andar.

NARRADOR.- ¿Escoitades algo?

LOBO.- AUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUU. Eu non quero ser o lobo malo (chorando), quero ser amigo de carapuchiña e compartir o que leva na cestiña.

CARAPUCHIÑA.- Eu son carapuchiña, perdín a miña avoíña, pero vouna atopar.
¿Lobo, acompañasme?

LOBO.- AUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUUU (facendo si coa cabeza).

AVOÍÑA.- Esperádeme, eu tamén vou.

LOBO.- Dame a man avoíña.

AVOÍÑA.- E ti dame a patíña.

NARRADOR.- Todos quedaron contentos e xuntos foron a Belén.

XIGANTE EGOÍSTA.- Eu era o xigante egoísta. Hoxe é un día especial. No meu xardín imos facer un festín. Acercádevos nenos, imos xuntos a Belén (entran os nenos de tres anos).

NARRADOR.- Lobo, ¿qué fas outra vez aquí?

LOBO.- Vou en busca dos tres porquiños, teño unha noticia que darlles.

PORQUIÑO 1.- Lobo, ¿vasnos papar?

LOBO.- ¡Non, non, son vexetariano!

PORQUIÑO 2.- ¡Viva a dieta mediterránea!

PINOCHO e PEPITO GRILO.- Non vos vaiades que faltamos nós.

PORQUIÑO 2.- ¿E vos, de que conto vos chimpastes?

PINOCHO.- Eu son Pinocho.

PEPITO GRILO.- E eu Pepito Grilo.

PINOCHO.- E podo dicir que esta historia é ben certa porque o meu naris xa non medra.

PEPITO GRILO.- ¡É verdade!

NARRADOR.- Todos quedaron contentos. Os malos convertíronse en bos e ao neno lle deron moito AMOOOOOOOOOOOOOR.